

**Datos do Expediente:**

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - AFC	
Número expediente:	Documento:
CON/2024/36	CON18I01SB
5G0Y 4N27 5N05 451K 0W5M	

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O xefe do Servizo de Contratación, en data 6 de xuño de 2024, elevou a esta Alcaldía-Presidencia o informe-proposta que di:

“Expediente CON/2024/36: Contratación dunha operación de préstamo por importe global de 1.009.136,08 €, destinado a financiar os investimentos previstos no Anexo de Investimentos do Presuposto do Concello para 2024

Asunto: proposta de aprobación do expediente

Logo de ver o expediente incoado mediante Providencia da Alcaldía de data 16 de maio de 2024, para a contratación dunha operación de préstamo por importe global de 1.009.136,08 €, destinado a financiar os investimentos previstos no Anexo de Investimentos do Presuposto do Concello para 2024, cuxa entrada en vigor produciuse o 15 de maio de 2024.

Logo de ver a memoria xustificativa elaborada ao efecto pola Tesourería municipal con data 21 de maio de 2024.

Visto que queda incorporado ao expediente o prego regulador da operación de préstamo.

Por todo o exposto, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades Locais, quen subscribe eleva á Alcaldía-Presidencia, previa fiscalización, e unha vez emitido o informe xurídico da Secretaría Xeral de conformidade co disposto no apartado 8 da D.A. 3ª da LCSP, a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Aprobar o expediente para concertar unha operación de crédito por importe de 1.009.136,08 €, destinada a financiar as actuacións previstas no Anexo de Investimentos do Presuposto do Concello de Narón de 2024.

SEGUNDO: Aprobar os pregos incluídos no expediente nos que se definen as condicións da operación e trámites do procedemento de contratación.

TERCEIRO: Publicar un anuncio no perfil de contratante do Concello para que, durante 20 días naturais, calquera interesado poida examinar o expediente e, no seu caso, presentar unha oferta segundo as condicións establecidas.



CUARTO: Ordenar que se incorporen e publiquen así mesmo, no perfil do Contratante, o presente acordo xunto cos pregos e todos os estados económico-financieros e orzamentarios, así como os informes, memorias, resolucións e resto de documentación necesaria para que os licitadores poidan estudar a operación e analizar a solvencia do Concello.”

A Intervención Xeral, en data 14 de xuño de 2024, emitiu un informe de contraol financeiro permanente que vén concluír:

“CONCLUSIÓN. Tendo en conta todo o exposto anteriormente, esta Intervención considera que a concertación da operación de préstamo prevista cumpriría o réxime legal aplicable ás operacións de endebedamento a longo prazo a concertar polas entidades locais no ano 2024.”

Polo anteriormente exposto, esta Alcaldía-Presidencia, en uso das competencias atribuídas polo artigo 52 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 21 letra f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

RESOLVE

PRIMEIRO: Aprobar o expediente para concertar unha operación de crédito por importe de 1.009.136,08 €, destinada a financiar as actuacións previstas no Anexo de Investimentos do Presuposto do Concello de Narón de 2024.

SEGUNDO: Aprobar os pregos incluídos no expediente nos que se definen as condicións da operación e trámites do procedemento de contratación.

TERCEIRO: Publicar un anuncio no perfil de contratante do Concello para que, durante 20 días naturais, calquera interesado poida examinar o expediente e, no seu caso, presentar unha oferta segundo as condicións establecidas.

CUARTO: Ordenar que se incorporen e publiquen así mesmo, no perfil do Contratante, o presente acordo xunto cos pregos e todos os estados económico-financieros e orzamentarios, así como os informes, memorias, resolucións e resto de documentación necesaria para que os licitadores poidan estudar a operación e analizar a solvencia do Concello.

***Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)***